



**BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN POSTO DE CONDUTOR
PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTE E OUTROS, PARA O CONCELLO DE AS
NEVES DURANTE O ANO 2016**

PRIMEIRA.- NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS:

Convócase unha praza de condutor (CNO: 843211042), *Condutor protección medio ambiente e outros*, para realizar funcións propias do posto convocado en diferentes servizos municipais relacionados coa protección do medio ambiente, principalmente para tarefas de tractorista, así como substitucións, se procede, acumulación de tarefas relacionadas con limpezas de vías e outros servizos municipais, cunha duración de 9 meses. O posto será a xornada parcial de 35 horas semanais. As retribucións serán coincidentes coa consignación orzamentaria municipal do vixente exercicio (partida 172.131), por obra ou servizo de carácter temporal, ó abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

- 1.- Ser español/a ou cidadá de calquera dos Estados Membros da Comunidade Europea.
- 2.- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- 3.- Estar en posesión ou en condición de obter a seguinte titulación:
 - Certificado de escolaridade ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación no Concello.
 - Ter o carné de conducir C.
 - Estar en posesión do Certificado de Aptitude para condutores profesionais (CAP)
- 4.- Posuír capacidade funcional e non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- 5.- Non estar separado/a de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- 6.- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección dos aspirantes efectuarase mediante concurso e previa realización de Oferta Xenérica ante a Oficina de Emprego de Pontearreas, e os/as candidatos/as presentaranse no Concello de As Neves, ó día que sexan convocados para a realización da correspondente entrevista establecida nas presentes bases.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidenta: M^a Isabel Martín Alonso ou persoa que o substitúa.
- Vocais:

Manuel Salvador Fernández Alcántara ou persoa que o substitúa.



Manuel Gándara Souto ou persoa que o substitúa.

M^a Esperanza Goyanes López ou persoa que o substitúa.

Secretaria: Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa que o substitúa.

CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A) Experiencia Laboral

Por cada mes traballado ó servizo da administración pública ou en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,03 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

Puntuación máxima por experiencia laboral 2 puntos.

A experiencia acreditarase mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo, certificado de vida laboral, certificado de prestación de servizos, ou calquer documento no que este requisito se acredite debidamente.

B) Cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver:

- Cursos, ata 20 horas: 0,05 por curso.
- Cursos de 21 horas a 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 101 horas de duración en diante: 0,50 puntos por curso

Non se computarán os cursos nos que non veña especificado o n.º de horas nin a asistencia a xornadas.

Puntuación máxima por cursos: 2 puntos

C) Coñecemento da lingua galega:

- a) Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- b) Por estar en posesión do Celga 2: 0,20 puntos
- c) Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0,30 punto
- d) Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0,5 puntos
- e) Celga 5 ou superiores: 1 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

D) Entrevista persoal

Tódolos candidatos deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Valoración, na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos, valorándose de 0 a 3 puntos. A presentación á entrevista de selección é de obrigado cumprimento para a valoración do proceso selectivo.

Tódolos méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais que serán compulsados no momento da contratación.



Concello
de
As Neves

Praza da Cristiandade nº. 1
36440 AS NEVES (Pontevedra)
Teléfono: 986 64 80 38 - Fax: 986 64 80 52
E-mail: asneves@fegamp.gal

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a comisión de valoración formulará proposta a favor dos/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación. O resto dos candidatos/as, por orden de puntuación formarán a lista de suplentes, para o caso de cobertura de baixas ou vacantes que se podan producir durante a duración do contrato.

No suposto de empate seleccionárase a persoa que teña máis antigüedad como demandante de emprego.

QUINTA .-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril,

Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante en materia de persoal.

As Neves 2 de febreiro de 2016
O Alcalde-Presidente,

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez